



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 10 DE FEBREIRO DE 2016

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO

Concelleiro do PSdeG-PSOE

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

D. LUIS RENDO ARAUJO

Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA

Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS

Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS

Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro

SECRETARIA

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

INTERVENTOR ACCIDENTAL

D. LUIS M. LOZANO LORENZO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas trinta minutos do día once de xaneiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José López Campos, reúnese no Salón de Sesiós o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria Accidental do Concello, Dna. M^a Jesusa Fernández Bascuas.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, e antes de iniciar o debate, o Sr. Alcalde-Presidente da a benvida a todos os asistentes á sesión plenaria e de seguido dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- EXPEDIENTE DO PROXECTO DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2016; PREVIO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 03/02/2016.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVO Á CREACIÓN DUN PARQUE CANINO; PREVIO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 287/01/2016.

1º.- EXPEDIENTE DO PROXECTO DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2016; PREVIO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 03/02/2016.

Comeza o **Alcalde** outorgando a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda e Contas, D. Alberto Blanco Carracedo, para explicar o Proxecto do Orzamento municipal para o exercicio 2016.

Toma a palabra o **Sr. Blanco Carracedo**, dando conta do Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 3 de febreiro de 2016, previa a dación de conta deste proxecto á Mesa de Negociación, aos Sindicatos, así como posto en coñecemento tamén do Consello Económico e Social. Explica que despois de todos os trámites anteriores, esixidos pola lei, se somete para a súa aprobación inicial polo Pleno da Corporación. Trátase dun proxecto que arroxa unha cifra de 12.625.000,00 euros e que cumpre con todos os condicionantes legais, equilibrio económico entre ingresos e gastos e ao que se xunta toda a documentación requirida.

Continúa o Sr. Blanco, manifestando que se tratan duns orzamentos que cumpren coas súas funcións principais, que garantizan o cobramento en gastos de persoal, melloran e optimizan os servizos de obrigado cumprimento polo Concello así como daqueles que ten asumidos por diversos motivos. Afondando nas inversións, destacar o marcado carácter social do mesmo, e que ven marcando os últimos orzamentos que leva aprobado o seu grupo de goberno (PP).

Por outra banda, no que se trata ás diferentes partes deste Orzamento, o Sr. Blanco di, con respecto aos Ingresos, explica que o seu incremento é debido, en primeiro lugar, a un incremento importante no Imposto Sobre Bens Inmóveis (en concreto ao de Natureza Urbana) como consecuencia da revisión catastral que efectuou a Dirección Xeral do Catastro hai dous anos e que supuxo a existencia de mil e pico de vivendas que non estaban declaradas e que agora pasaron a formar parte do Padrón. En canto aos outros impostos, o Sr. Blanco informa que se manteñen as previsións, por exemplo no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica; se incrementa a Plusvalía como consecuencia do aumento das liquidacións que se están a dar por este Concello. No que respecto aos Impostos Indirectos, di que se incrementa a previsión do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras en relación ao ano pasado debido á aprobación do Plan Xeral, e, sobre todo, pola previsión da licenza que se solicitará para a instalación do parque eólico no Monte de Arca.

No se refiére ás Taxas e Prezos Públicos, di que se manteñen todas por motivo de que se atopan conxeladas dende fai uns anos, sen embargo, existe unha variación no que se refiére na súa contía, basicamente porque se incorpora un ingreso derivado dunha execución subsidiaria que está pendente no Departamento de Urbanismo e que ten a súa contra partida no apartado de Gastos, unha execución que vai a ter que acometer este Concello por importe de 53.000,00 euros. Por outra banda di que se prevé un aumento na Taxa de Licenza Urbanística debido á previsión de solicitudes de licenzas de obras con motivo da aprobación do PXOM.

Continúa o Sr. Blanco dicindo que se prevé un importante incremento na recadación como consecuencia da transferencia que se fixo, no seu momento, a favor da Deputación da xestión recadatoria e inspectora; pero tamén se ve afectado o apartado de Gastos, xa que se incrementa o que temos que pagar ao ORAL debido ao previo incremento da recadación e tamén pola actualización dos Padróns municipais.

Segue coa súa exposición o Sr. Blanco falando das Transferencias Correntes, nas que se segue mantendo a previsión da participación nos Tributos do Estado, así como das transferencias correntes que proveñen das Comunidades Autónomas, Deputacións ou outras entidades e que están destinadas ao financiamento de servizos municipais (servizos sociais, centro da muller e gardería); tamén se inclúen as aportacións da Consellería de Medio Rural e Deputación Provincial para o financiamento dos gastos do GEES.

En canto ao resto de partidas de ingreso, di que o máis destacable sería a operación de crédito por importe de 460.000,00 € e que nos deixaría nunha

porcentaxe de endebedamento do 36%, sendo actualmente esta porcentaxe do 31,9%, moi lonxe do límite máximo do 75% que contempla a lei.

A continuación o Sr. Blanco pasa a explicar o Capítulo de Gastos, manifestando que os créditos deixan constancia da súa suficiencia para cumprir coas obrigas esixidas para o funcionamento do noso Concello. En primeiro lugar gastos de persoal, que se ve incrementado por causa de facer fronte a unha serie de obrigas derivadas de sentenzas xudiciais que provocaron unhas actualización salariais para algúns traballadores, así como indemnizacións pendentes de pagamento; en segundo lugar, un incremento nos gastos produtivos, xa que existe un maior esforzo para optimizar algúns recurso, por exemplo, vías no rural, que proxecta un incremento de 93.000,00 € que, xunto co Capítulo de Inversións, supera os 500.000,00 € adicados a vías no rural; en terceiro lugar, o Capítulo de Gastos se ve incrementado por obrigas continuas e outras excepcionais, así, segundo o que manifestaba o Sr. Blanco anteriormente, a execución subsidiaria por importe de 53.000,00 €, a xestión da ETAP, esta última unha obriga nova para o Concello despois do vencemento do prazo de mantemento da concesionaria, por elo se dota unha partida con 150.000,00 €; tamén existe un maior esforzo de gasto derivado da calidade de vida dos estradenses, así se aumenta en 25.000,00 euros Cultura con respecto ao exercicio anterior, a partida destinada á Biblioteca se incrementa en 8.000,00 €, á destinada a Deportes se incrementa en 17.000,00 €, se incrementa Turismo (polas rutas de senderismo e culturas que se plantexan), entre outras. Así mesmo, di que se aumentan gastos que foron xurdindo como é o caso do transporte metropolitano, se aumenta a dotación para a promoción do emprego, se aumentan as dotacións para as bolsas de estudo, se incrementa o gasto con motivo da recadación do ORAL, e, como gasto excepcional, se contempla un gasto como consecuencia dun expediente de responsabilidade patrimonial derivada da inundación dun baixo particular e que o seguro non quere facerse cargo, polo que o Concello terá que asumir o gasto e posteriormente reclamarase á aseguradora. Continúa dicindo que se fai un maior esforzo no Capítulo de Inversións: vías rurais, humanización e gastos no casco urbán, polo que as principais cifras deste Capítulo de Inversións serían 240.000,00 € para reposición e proxectos en vías rurais, 100.000,00 € para reposición en vías urbanas, 150.000,00 € para humanizacións e 86.000,00 € para investimentos en construcións deportivas do Concello (con actuacións no CEIP Pérez Viondi e outros pavillóns).

Para rematar a súa intervención, o Sr. Blanco recalca que o Orzamento para o exercicio 2016 ten un carácter máis social, xa que se leva aumentado en máis de 400.000,00 € en este apartado dende que o seu grupo de goberno leva gobernando, o que se manifesta no proxecto que se ten previsto facer para a recuperación de edificacións de propiedade municipal con fin de promocionar o aluguer de vivendas sociais, así como novas iniciativas para mellorar as axudas a aqueles cidadáns, por exemplo, o banco de alimentos ou gastos de teleasistencia. Tamén fai fincapé na creación dunha partida específica para o proxecto "A Estrada Social Sostible 2020", a creación dun taller de emprego, polo que recalca que a maior parte dos gastos van dirixidos a gastos de carácter social, sen olvidar os incrementos que afectan a servizos municipais, entre eles a partida destinada á rede de subministro de auga, dando resposta ás necesidades do concello tendo en conta sempre as limitacións orzamentarias, xa que lles gustaría dar máis servizos sociais, pero hai que manter a estabilidade presupostaria e respectar os límites, polo que o que se presenta é un proxecto de Orzamento realista.

O Sr. Alcalde outorga a palabra á voceira do PSdeG-PSOE, Dña. Belén Louzao.

Inicia a súa intervención a **Sra. Belén Louzao** ratificando o manifestado polo seu grupo nas Comisións Informativas, é dicir, que considera que a lectura que efectúa o grupo de goberno dos Orzamentos é positiva e que se queda nos titulares e non profundiza, xa que se está a falar dun Orzamento que se presenta fóra de prazo a pesares de que o propio Concelleiro de Facenda (Sr. Blanco) dicía no mes de agosto do ano pasado que os distintos departamentos municipais estaban a traballar nel, por iso se agardaba un Orzamento que se adaptara a todo aquilo que predica o grupo de goberno, porque, segundo se sinala na Memoria da Alcaldía, "estes orzamentos que aplican unha política de acercamento ao cidadán que está a manter este goberno e tendo en conta, ademais, o momento de

recuperación económica, aplican políticas encamiñadas a favorecer a contención de gasto", ante o anterior manifesta que o grupo de goberno predica unha cousa e fai outra, porque si din que o achegamento ao cidadán é que este ano os orzamentos van a recadar máis en impostos, entón ese achegamento é envenenado; a este respecto manifesta que o grupo de goberno xustifica esta recadación en que se fixo por Catastro unha revisión dos censos, detectando preto de mil vivendas non dadas de alta. A Sra. Belén di que lle parece moi ben que todos tributen, pero aínda así as contas non lle saen, porque hai un incremento de 220.000,00 € este ano e, ao mellor, o que se lle esqueceu dicir ao voceiro do PP foi que todos os estradenses este ano van pagar un 10% máis sobre o valor catastral das propiedades por decisión unilateral do Partido Popular, decisión adoptada para baixar o IBI, sen embargo o IBI non baixou, xa que aínda que hai máis vivendas para cotizar, os que xa estaban a cotizar tamén están penalizados.

Continúa dicindo que na súa exposición o Sr. Blanco falaba dunha contención de gasto nestos Orzamentos, o que considera outra mentira máis para os cidadáns, porque o grupo de goberno incrementa os gastos de funcionamento do noso Concello en 730.000,00 € (gastos de persoal, compras correntes, luz, material de oficina, etc.) con respecto ao 2015, algo que segundo a concelleira ven sucedendo dende que goberna o Partido Popular, xa que atoparon uns gastos de funcionamento nun 8,4 e xa van por un 10,5 millóns de euros en gastos correntes anuais; polo tanto, se está a falar de que de un Orzamento de doce millóns de euros o grupo de goberno destina 10,5 millóns para pagar persoal e gastos do día día, mentres se di na Memoria da Alcaldía que se vai a favorecer a contención de gasto, Memoria que tamén recolle que "trátase de mellorar os servizos prestados polo Concello e ao mesmo tempo restrinxir o consumo de subministros, como poidan ser material de oficina, teléfono, subministros ou enerxía eléctrica", sen embargo, a Sra. Belén Louzao di que se se lé a letra pequena do Orzamento de Gastos por clasificación económica para descubrir como se incrementan as partidas de subministros e outros e 470.000,00 euros, partidas que inclúen material de oficina, prensa, revistas, teléfonos, enerxía eléctrica, gas, combustible..., sen olvidar o incremento doutras partidas referentes a putras subministracións, gastos diversos, atencións protocolarias, transportes,.... Polo anterior, di que se se predica unha cousa e fan outra.

A Sra. Belén Louzao prosigue dicindo que si se analiza o manifestado polo Concelleiro de Facenda se advirte que se ha dado unha realidade distorsionada, xa que se reducen investimentos en reposición asociados ao funcionamento dos distintos servizos e programas do Concello, mentres se recada máis se baixa o gasto destino a servizos básicos, poñendo o exemplo da redución nas partidas de Seguridade e Orde Público, reposición de edificacións e construcións de seguridade, sinalización, funcionamento de centros docentes e preescolar e primaria, servizos complementarios de educación..., polo que non ve que se trate dun Orzamento social.

Por outra banda, a Concelleira socialista observa que determinadas subvencións que antes se concedían por concorrencia competitiva, agora, este grupo de goberno, as convirten e nominativas, baixando os seus importes. Así mesmo, con respecto á iluminación pública, o actual goberno decide subir outros subministros mentres recortan a primeira para aforrar; tamén se incrementan parques e xardíns e a partida de Cultura, o que ve moi ben, pero profundizando na partida de Cultura observa que o que se incrementa son os gastos correntes de luz, transportes, atencións protocolarias, premios do Entroido, mentres baixan os investimentos na defensa do noso patrimonio; se incrementa tamén a partida de festexos, deportes, pero a conta doutras subministracións máis importantes. Ante o anterior, manifesta que o grupo de goberno se aparta da realidade, baixando a partida destinada a agricultura e gandería, as axudas ás cooperativas, etc.

Continúa a Sra. Louzao recordando que o Concelleiro de Facenda falaba da subida no subministro de auga potable e recollida de residuos, pero se se analiza ben, esos incrementos van novamente ás partidas xenéricas doutros subministros.

Ante o anterior, a Sra. Belén Louzao, considera que é verdades que este Concello vai a ter máis ingresos, sen embargo non se van a traducir en atención aos servizos básicos e á mellora deses servizos, nin en inversións reais que axuden aos nosos veciños, ao contrario, xa que dunha inversión de 700.000,00 € o 65% da mesma está condicionada á petición dun crédito bancario sobre o que os informes existentes din que non se sabe se se poderá pedir porque, ao estar

vinculados á liquidación correspondente ao exercicio 2015, non é verificable na actualidade o recurso a este endebedamento; pero no caso de que vaia adiante o crédito, a experiencia do facer do goberno actual demostra que é incapaz de formalizar un préstamo antes do mes de setembro; polo tanto o 65% das inversións de que se están a falar e que van destinadas ao rural non se poderán executar, no mellor dos casos antes do mes de setembro.

Recorda a concelleira socialista que nas Comisións Informativas lle pedían que reducisen o gasto (igual que o ano pasado) e que o repartisen esas inversións reais entre fondos propios e esa petición de crédito, pero non o estimaron pertinente, a pesares de que a experiencia acaba sempre dándolle a razón á oposición. Por todo elo, manifesta, que se tratan duns orzamentos dirixidos a satisfacer as necesidades dos veciños/as, xa que se suben as partidas xenéricas que non teñen significación real na sociedade estradense. Pero considera que no é soamente eso o que fai que estes Orzamentos sexan menos transparentes que outros anos, senón que di que o grupo de goberno decidiu modificar as Bases de Execución deste Orzamento no referente a que todo gastos superior a 1.200,00 € debía pasar por Xunta de Goberno Local, agora é a partir de 5.000,00 €, consecuentemente calquera obra entre 5.000,00 e 10.000,00 euros non necesitará máis oferta que unha memoria razonada do Concelleiro, o calquer gasto ou subministro inferior a 3.000,00 será acometida dese xeito. A Sra. Louzao di que se pide máis transparencia, pero con esas partidas xenéricas se vai a modificar o gasto, e con esa modificación das Bases de Execución para subir os contratos menores ata 5.000,00 € e o contrato menor de subministro ata 3.000,00 €, non se garantiza transparencia, olvidándose o dereitos dos veciños/as de saber en que se gastan os orzamentos.

Ante o anterior e ante a negativa de atender o solicitado nas Comisións Informativas, a Concelleira socialista manifesta que o seu grupo político non pode apoiar o proxecto de Orzamento que se presenta para o ano 2016, sobre todo porque se presenta tarde e coa característica de pouca transparencia, baseado en partidas xenéricas, con modificación das Bases de Execución, pola incongruencia entre o sinalado na Memoria da Alcaldía e os orzamentos reais, ademais vendo que as inversións máis salientables son entre sete e nove mil euros, o que considera que todo eso se pode arranxar, a pesares de que o grupo de goberno rechazou as opinións e consellos da oposición para chegar a consenso. Polo tanto, e para finalizar, a Concelleira manifesta que polo dito o seu grupo político non pode apoiar o Proxecto de Orzamento para 2016.

O Sr. Alcalde, despois de agradecer a intervención da voceira do PSdeG-PSOE, outorga a palabra á voceira de MÓVETE, Dña. Mar Blanco Casais.

Intervén a concelleira de MÓVETE, **Sra. Mar Blanco**, calificando estes orzamentos de continuístas respecto aos do ano anterior e, polo tanto, que seguen sen ofrecer solucións aos problemas dos veciños da Estrada, que non garanten a cobertura das necesidades básicas das persoas en situación de exclusión e pobreza; de feito se sabe que 240 familias na actualidade recurren a Cáritas para sobrevivir e, a pesares de isto, as partidas orzamentarias adicadas a este tipo de axudas son insuficientes para atender a demanda actual, de feito o grupo de goberno destina 20.000,00 € para o Banco de Alimentos, 20.000,00 € para fondo de emerxencias e 30.000,00 € para reformas de escolas con destino a vivendas sociais; polo que considera que estas contías amosan que a prioridade deste Concello non é eliminar a situación de risco e que as persoas en situación de desemprego vivan na pobreza ou sexan vítimas de exclusión social, xa que non é ético que a partida destinada a prensa e revista iguallen a cantidade reservada para o Banco de Alimentos. Por outra banda manifesta que ve amplamente superada a partida reservada para o Banco de Alimentos polos cincuenta e pico mil euros da partida de publicidade e propaganda. Polo tanto o seu grupo municipal ve prioritario incrementar a partida para servizos sociais ata aseguradas que todos os veciños teñan acceso aos recursos básicos (vivenda, subministro de auga, electricidades e un mínimo de atención para vivir en condicións dignas), mediante o equilibrio entre esta partida e a destinada a estudos e traballos técnicos (que pasa do millón e medio de euros, e deixa constancia das prioridades do grupo de goberno).

Continúa a Sra. Mar Blanco dicindo que para o seu grupo político o pilar

fundamental do apartado de gasto do Orzamento municipal, a parte dos gastos correntes da administración local, é o gasto social. Pero tamén bota e falla o que debería ser o outro gran pilar do Orzamento e que é a creación dun plan municipal de emprego de calidade, onde se concreten accións encamiñadas á posta en valor dos nosos sectores produtivos como xeradores de emprego e en investimentos en proxectos sostibles e respetuosos co entorno. Así mesmo considera que a partida que se reserva ou define como subvencións para fomento de emprego e promoción económica importa 22.000,00 €, cantidade insuficiente para fomentar a creación de emprego, sen embargo existen outras partidas orzamentarios calificadas como gastos diversos e que dispoñen de 450.000,00 €, cantidade que se podería distribuír para a creación dun plan de emprego eficiente.

Outra ausencia grande que a Sra. Mar Blanco atopa neste proxecto de Orzamento é a disponibilidad dos medios precisos para a creación dun portal de transparencia e de participación cidadá; considera tamén necesario avanzar na redución de gastos do Concello para pagar os traballos realizados por outras empresas (por exemplo, 450.000,00 € a favor de SOGAMA), a utilización no alumado público as bombillas led's, etc.

Ante o sinalado a concelleira de MÓVETE manifesta o non apoio a estes orzamentos continuístas, pouco claros, onde se prima o derroche e quedando sen resposta as demandas dos estradenses, onde non se avanza en creación de emprego, servizos sociais e unha maior democracia.

O Sr. Alcalde agradece a intervención da concelleira de MÓVETE e outorga a palabra ao vonceiro do grupo municipal do BNG, D. Xosé Magariños.

Inicia a súa intervención o **Sr. Xosé Magariños** dicindo que se está ante uns orzamentos que, ante o importante incremento que se deu en órganos de goberno, se podería esperar unha mellora traducida na presentación do proxecto do Orzamento moito antes, sen embargo non foi así; incluso unha mellora na xestión dos recursos e que se fixera, por exemplo, o que se sinala no informe da Intervención municipal, no que se reíteresa a necesidade de levar unha xestión encamiñada á contención no gasto corrente, tanto nos subministros de contía indeterminada (enerxía eléctrica, combustible, reparación de vehículos, teléfonos...), o que sería posible mediante a adopción de medidas de control axeitado (establecemento de límites para o uso dos teléfonos móbiles, etc.); a partir de ahí, estos orzamentos demostran a pouca capacidade de xestión que ten o grupo de goberno á hora de contar o gasto corrente, producíndose un claro desaxuste entre este e o ingreso corrente, de feito, manifesta o Sr. Magariños, o gasto de persoal sofre un incremento de case douscentos mil euros, colocándose en case cinco millóns de euros.

Por outro lado, con respecto ao capítulo de ingresos, o Sr. Magariños invita a facer unha comparación coa liquidación do ano 2014, se observa que o goberno infla a capacidade de ingreso para cadrar as contas; así que ahí se vería o claro desaxuste entre o gasto corrente e o ingreso corrente, debido á falta de xestión non manteñéndose a regra do gasto; así, por exemplo, nos impostos indirectos nas contas do exercicio 2014 son 49,75% sobre o que se tiña presupostado, en taxas e outros ingresos un 65,79%, e, como consecuencia, estes orzamentos deberían de reflexar a realidade do 2014 e non esa fantasía na que vive o grupo de goberno, porque despois as consecuencias as pagan os cidadáns á hora de mellorar a súa calidade de vida, porque aínda que se fala duns orzamentos básicamente sociais non o é, por exemplo, no que se refire á axuda no fogar se segue mantendo a mesma contía cando existen queixas dos usuarios do servizo respecto á precariedade desta prestación; o mesmo sucede co banco de alimentos, xa que se manteña exactamente igual. Ante o sinalado, o Sr. Magariños non acaba de ver onde está o carácter social deste proxecto de Orzamento.

Seguindo a súa intervención, o Sr. Xosé Magariños fai referencia a diferentes que lle manifestaron os veciños/as da Estrada e que el trouxo en diversacións ocasións ante este goberno, como é o caso da reparación dos semáforos da gran vía e que aínda están sen reparar, a pesar de iso pasamos dos 24.000 euros do 2015 aos 10.000 euros do orzamento que se presenta aquí, tendo en conta que pensa que esos 24.000 euros non se deberon de gastar porque, dende logo, os semáforos atopanse exactamente igual que cando el mesmo demandou as

súas reparacións. Tamén sinala que, no referente á Biblioteca municipal, a partida maior é para a reparación do edificio cando se acaba de inaugurar. No tema de Cultura, tamén lle chama a atención que o incremento da partida vaia dirixida ao aluguer de maquinaria e instalacións, produtos de limpeza e aseo, transportes, atencións protocolarias, Por outra banda, no que respecta a órganos de gobernos di que o incremento vai dirixido a atencións protocolarias (17.000 €), o cal pon de manifesto a capacidade de xestión do grupo de goberno, recordando que a partida de gastos xurídicos se incrementa en 9.000 euros, referente a este tema manifesta o interesante que é a maneira que ten o grupo de goberno de camuflar as sentenzas xudiciais que obrigan a pagar aos traballadores Concello como marca a lei, e aquí se disfrazada como unha mellora da xestión económica.

Polo sinalado, o Sr. Xosé Magariños di que nos atopamos ante unha verdadeira ficción do que sería un auténtico Orzamento, recordando que a partida para viais sofre un incremento importante, non coincidindo co exposto pola voceira do grupo socialista, xa que os créditos que se van a solicitar chegarán no momento preciso, é dicir, a partir de setembro que é cando se celebrarán as eleccións, sendo esta a razón do incremento de cincocentos mil euros, recoñecéndolle ao goberno un traballo ben feito, pero iso chámase boa xestión partidista, pero non boa xestión para os veciños/as da Estrada, porque, recórdalle ao grupo de goberno, que os veciños votaron para isto último e non para uns incrementos en gastos ordinarios que non repercuten para nada ou unha porcentaxe moi baixa na mellora da calidade de vida dos cidadáns estradenses.

O Sr. Alcalde volve a outorgalle a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, Sr. Alberto Blanco.

O Sr. **Alberto Blanco** admite que o proxecto de Orzamento para o 2016 se presenta fóra de prazo, agradecendo ao persoal de Intervención a súa labora e esforzo, xa que en situacións precarias por falla de persoal sacaron adiante non só este Orzamento senón tamén a liquidación presupostaria e o peche do exercicio, pagaron as facturas, etc. Explica que a falla de persoal en Intervención foi motivo principal para que os orzamentos non poderan presentarse en prazo, o que solía pasar tamén noutras lexislaturas.

Continúa a súa intervención respondendo no que se refire aos gastos ordinarios, para elo manifesta que o análise se fai segundo lle parece e convén á oposición, explica que hai gastos que se teñen que incrementar a medida que se da máis servizo, por exemplo, se se quere facer obras no rural consecuentemente o gasto de combustible é maior; polo tanto, hai que analizar os gastos que son verdadeiramente produtivos dos que son gastos ordinarios, como é o caso de papel ou teléfono, recordando que neste punto se ve a xestión do goberno, sesenta mil euros se reduxo en telefonía e quince mil euros anuais en reprografía. En canto a persoal di que lles gustaría que non fora tanto o gasto, pero hai que cumprir as obrigas contraídas, aclarando que non se esconden sentenzas senón que o fai o seu grupo de goberno é cumprir o ditado nas mesmas e favorables ao persoal; sen embargo, remontándose a nos anteriores, aclara que son douscentos mil euros menos o que se gasta en materia de persoal con respecto ao ano 2009. En canto aos gastos xurídicos di que é lóxico que existan por motivo das demandas interpostas en material de persoal e PXOM.

No relativo á solicitude do préstamo, o Sr. Alberto Blanco di que o detalle de que coincida antes das eleccións no é real, xa que incluso pode que non se pida o mesmo; explica que o préstamo váise a pedir unha vez entre en vigor o Orzamento municipal, o motivo de que se pida máis tarde é debido ao cambio de mecanismo para solicitar préstamos por unha administración pública, xa que antes se facían ofertas por parte das entidades bancarias, pero agora as novas medidas (impostas polo Partido Popular no goberno) establecen que é o goberno o que fixa o límite máximo en tipo de interés que poden pedir, o que é un gran beneficio para a administración pública e, por ende, para os cidadáns.

No apartado de gastos sociais, o Sr. Blanco, respondendo ao grupo municipal MÓVETE, di que son continuistas debido a que o seu grupo de goberno dende que tomou o mando do Concello estableceron unha línea a seguir en tema de gastos e que consideran acertada, non só aos fines os que van destinados cada euro que se gasta senón a que os resultados sexan positivos, polo que, loxicamente, ante o realismo de cubrir as necesidades, sempre aumentando os servizos, teñen que dar

sempre resultados positivos, porque senón o único que farían é pechar portas ás inversións, empeorando a xestión municipal. Tamén di que o portal de transparencia fai falla pero non é algo que vaia suxeitos os Orzamentos porque hai a posibilidade de adherirse ao portal que facilita o Ministerio de Facenda ás administración que así o queiran facer.

En relación ao plan de emprego, o Sr. Alberto Blanco di que xa se levan acadado catro Obradoiros, de feito no Orzamento figuran os Obradoiros que se están operando neste Concello, se segue apostando polos emprendedores, se segue aumentando a promoción económica e se segue actuando pola vía da subvención nominativa dirixida a diverso tecido social/económico deste concello.

Continúa a súa intervención dicindo que, con respecto ao aumento do IBI, que foi provocado polo aumento do 10% do valor catastral, recomenda á voceira do Partido Socialista que revise moi ben os principios básicos, porque non existe aumento do 10% do valor catastral dos bens deste concello para o ano 2016, non existe unha revisión dos coeficientes, existe un aumento do Padrón por novas altas e modificacións por edificacións non declaradas, sendo este o motivo da repercusión no IBI.

O **Sr. Alcalde** volve a outorgar a palabra á voceira do PSdeG-PSOE, Sra. Belén Louzao.

A **Sra. Belén Louzao** invita ao Sr. Alberto Blanco que revise a grabación desta sesión, xa que o grupo de goberno xustifica o incremento no ingreso do IBI na política de inspección para que todo o mundo tribute dando, por tanto, de alta novas edificacións e, consecuentemente, un aumento no Padrón; pero tamén recorda que dixo que deberían de recoñecer que fixeran unha suba no valor catastral, pero non no 2016, prometendo unha baixa posterior antes da celebración das Eleccións municipais, por iso, a partires de ahí, todos os estradense vamos a sufrir esa suba do IBI que impuxo o grupo de goberno en solitario aquel ano.

En canto aos gastos de persoal e gastos correntes, a Sra. Belén Louzao di que dende que o PP tomou á rendas do goberno estradense se incrementaron todos os anos estes gastos, por iso estamos agora en máis de dous millóns cen mil euros con respecto aos gastos de funcionamento que cando tomaron as rendas deste Concello, é dicir, o último Orzamento do goberno anterior. Estamos de acordo que sempre se apostou polos veciños, pero unha cousa é aportar por eles dotando economicamente a aquelas partida que benefician directamente aos cidadáns (dentro das limitación da crise existente), e outra é reducilos a pesares de que o grupo de goberno di que se tratan de gastos produtivos. Neste punto a intervinte di que non é certo, recordando os cinco millóns cen mil euros en materia e subministros (material de oficina, prensa, revistas, gastos diversos, outros subministros, protocolos,...), incremento de 170.000 euros con respecto ao ano pasado. Polo anterior, di que non entende que si o goberno manifesta que se incrementan partidas para gastos sociais e, sen embargo non o fan, predicando unha cousa e facendo outra, en consecuencia considera que este grupo de goberno non camiña para outorgar máis servizos aos veciños, senón de cara á non transparencia; lembrando o reseñado no informe do Interventor en funcións e na Memoria da Alcaldía, nos que se din que o crédito non se pode pedir xa porque está vinculado á liquidación do presuposto do 2015 para saber se este endebedamento é posible; aínda así, manifesta que é mellor que este crédito se pida antes o despois das eleccións, con tal de que se invirta en mellorar o estado precario do noso rural.

Continuando a súa intervención a Sra. Belén Louzao di que se reducen partidas de obras que están pendentes, se reducen partidas significativas para o mantemento necesario do rural e do casco urbano a cambio de incrementar partidas xenéricas que non levan a ningún beneficio social cando están a falar de reducir gasto.

Por último, la Sra. Belén Louzao pido el equipo de gobierno que reconsideren a súa posición e reconsiderar a distribución dos gastos e inversións reais totalmente improditivos e que non sigan alardeando daquello que non se plasma nos orzamentos que se presentan hoxe nesta sesión.

O **Sr. Alcalde** outorga a palabra novamente ao voceiro do BNG, Sr. Xosé Magariños.

Inicia a súa segunda intervención o **Sr. Xosé Magariños** manifestando que a realidade das inversións deste Orzamento se poden ver, por exemplo, en programas e actos culturais das parroquias que suben tres mil euros, cantidade igual que se incrementa na partida de actuacións protocolarias de Cultura; outro caso é o que sube a partida para a Festa do Salmón en un importe de 5.000 euros, tres mil euros máis que a destinada para o ruteiro do románico, dudando moito que con dous mil euros se poida facer esta actuación, sen embargo, se se lle angaden os dous ml euros que se incrementan para o Martes de Pascua e os cinco mil euros da Festa do Salmón se acadarían nove euros para facer unha boa ruta e guías. Así mesmo, no que respecta á promoción do comercio, o Sr. Magariños observa como se incrementa en 200 euros para produtos de limpeza e outros subministros do comercio interior, sen embargo se aumenta o alumado de nadal en 6.000 euros, polo que lle parece increíble que se entenda que o alumado do nadal é o que vai a incentivar o comercio ao longo do ano. Por outra banda, a humanización das rúas teñen que ir asociada a unha alternativa de aparcamento, o que non se contempla nos orzamentos. Di que xa sabe que a contestación do grupo de goberno vai a ser que se está a esperar polo desenvolvemento do PXOM, pero fai tempo que o están a dicir e aínda se está a esperar por elo.

Comenta que a realidade dos orzamentos se aprecia na letra pequena e non nas grandes palabras nin nos grandes informes do grupo de goberno, e esta realidade se verá cando se rinda o estado de contas do 2015, esperando que non se tarde moito en presentalas.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para dar as grazas a todos polas súas intervencións e aclarar que a tomado apuntes sobre o manifestado e sumándose ao recoñecemento que fixo o Concelleiro de Facenda ao persoal da Intervención municipal polo seu traballo extraordinario dentro das limitacións que padecen, recordando que iniciado o mes de outubro o persoal deste departamento achegoulles a inquietude de que o se dedicaban á tramitación das facturas pendentes de pagamento ou ben á redacción do proxecto do Orzamento, xa que non tiñan a capacidade e medios para facer os dous traballos ao mesmo tempo, e dende a Alcaldía se lles deu a orde de que priorizasen o pagamento aos provedores e, unha vez máis, dende que goberna su partido político, deixaron a débeda a cero, situación diferente ao anterior goberno do partido socialista en coalición co BNG. Recorda que nese anterior goberno a súa política se basaba na ficción orzamentaria, rebaixar o gastos e subir os ingresos por enriba da realidade porque non tiñan capacidade de xestión e no mes de setembro pechaban o exercicio deixando as facturas todas sen pagar e as pasaban ao exercicio seguinte, descubríndose a trampa cando perderon as eleccións e entra outro partido atopándose con cerca de dous millóns de euros de facturas metidas nos caixóns sen pagar. Este goberno o que fixo foi pedir ao departamento de Intervención foi que axustara os gastos reais do Concello ás necesidades orzamentarias que ten este Concello, o que se traduce nuns orzamentos realistas.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que a súas exposicións deixan clara a boa xestión deste goberno, xa que non fixeron mención do endebedamento, da situación económica financeira, do plan do estabilidade orzamentaria, e que, no caso de esta última, este Concello cumpre estrictamente ca planificación orzamentaria e cos seus compromisos e, polo que non tivo que acudir (como o 90% das Administracións) a un plan económico-financeiro; tamén se extraña que non falen da liquidez, porque saben que este Concello ten tres millóns de euros de liquidez en bancos, e tamén de que non falen dos remanentes, cando este Concello ten máis de un millón de euros de remanentes de Tesourería. Continúa dicindo que as magnitudes macroeconómicas máis importes dun Orzamento non foron tratadas nin mencionadas por parte da oposición, tan só falaban de cinco mil euros da Festa do Salmón, polo que consideran que as intervencións foron sobre pequenos matices do Orzamento non tratando o realmente importante nun debate orzamentario, situación que explica basándose en que a oposición sabe perfectamente de que se trata dunha situación excelente e extraordinaria por onde non poden atacar e se adican falando e argumentando "a palla", ante o que discrepa totalmente, porque se algo caracteriza a estos orzamentos é que se axusta perfectamente a parte de ingresos coa parte de gastos con realidade orzamentaria.

O Sr. Alcalde recorda que o seu grupo de goberno reduciu os puntos de luz do alumado público do rural máis de 2.000 dos 12.000 que había, conseguindo un

aforro extraordinario, estando por debaixo do millón de euros de gasto corrente en materia de alumado público, e esa cantidade é a que se ten consignado no Orzamento. A causa de que se consegue 400.000 euros en enerxía eléctrica no é porque se gaste máis senón porque se recolle o que realmente se gasta e non como se facía noutro grupo de goberno que se consignaba menos do gasto real. E grazas a esta realidade orzamentaria existe liquidez e pouco endebedamento.

No tema do IBI, se alegra da aclaración que fixo a Sra. Belén Louzao, sen embargo discrepa con que o incremento do ingreso por IBI non fóra só polas novas altas no Padrón senón pola suba do 10%, ao que responde que esa teoría é totalmente falsa, aclarando que no Orzamento do ano pasado se recolleu un incremento de dous millóns de euros no IBI pero se recadou 2.296.000 euros, polo tanto se recadou máis do que se tiña consignado, ante o que o departamento de Intervención sinala que se se mantén o tipo impositivo e se aumentan as altas no Padrón entón se debe de recadar como mínimo a mesma cantidade que o ano pasado. En esto queda reflexado, di o Alcalde, os orzamentos conservadores por non querer ir ao límite da capacidade recadatoria, facendo unha xestión que se traduza nunha liquidación en positivo.

Continúa o Sr. Alcalde dicíndolle á oposición que continúan con esa política de mentira de que o gasto corrente é un gasto improdutivo, tema no que discrepa totalmente, porque nestas partidas se inclúen reparacións de infraestruturas (sumidoiros, vías urbanas e rurais, etc), combustibles e outro material, gastos moi importantes para a xestión de servizos como recollida de lixo, abastecemento de auga, rede de sumidoiros, rede de pluviais, servizos municipais, semáforos, vestiario de persoal, seguros, enerxía eléctrica e un largo etcétera, polo que non se poden considerar gastos improdutivos, ao contrario, son gastos imprescindibles para o funcionamento dos servizos municipais. Ademais, máis do 90% de gastos diversos son servizos sociais, conciliación da vida laboral e familiar, programa especiais de sectores da poboación desfavorecida con risco de exclusión social, actividades para minusválidos, cultura..., gastos que supostamente a oposición dí que son gastos innecesarios e non produtivos. Recorda tamén que en gastos corrente se inclúe á depuradora de augas residuais, limpeza de edificios, a ETAP e un gasto importante, a axuda no fogar que nos costa 580.000 euros. Tamén recorda outro gasto importante que se engloba dentro de gastos correntes e que é a xestión da Gardería municipal, lembrando que a recadación é de 80.000 euros e o gasto é de 280.000 euros, motivado pola conxelación da taxa respectiva. Polo tanto, parécelle indignate que para a oposición esto sexa un gasto improdutivo cando para o seu grupo de goberno é un gasto social, sobre todo aos partidos considerados de esquerdas; pero tan so se limitan a falar dos gastos de protocolo, publicidade ou do que cobran os membros do goberno, pero non se fixan nos outros gastos sociais que se inclúen nestes cinco millóns de gastos correntes, e que demostran a preocupación do grupo de goberno polo bienestar dos cidadáns estradenses. Recorda tamén un dos gastos máis importantes en incremento das partidas e que é as indemnizacións aos concelleiros por asistencia a Plenos, Comisións Informativas e outros órganos colexiados, tema que tampouco a oposición nombrou nas súas intervencións.

Ante o exposto, o Sr. Alcalde pide sensatez aos membros da corporación, porque ve neste Proxecto de Orzamento para o 2016 un exercicio de realismo importante que queda manifestado no informe da Intervención municipal, tratándose dun Orzamento que deixa clara a bos situación económica do Concello da Estrada; pero, como todo é mellorable, abre a porta para as propostas que se poidan plantexar, aclarando que unha parte importante do Orzamento non está recollida (cuestión aportada polo Partido Socialista) que é o Proxecto de desenvolvemento Sostible, tema que foi obxecto de debate e que, de todos os Concellos de Galicia, esta Corporación foi a única que votou en contra dese Proxecto xa que non se chegou por falla acordo entre os grupos políticos con representación neste Concello; e, a pesares do que se di, o Alcalde manifesta a súa disposición ao diálogo e ao debate, ao que quere dar un dato importante, a existencia fóra deste Proxecto Orzamento de máis de de dous millóns e medio de euros de remanentes de incorporación obrigatoria e que xa están incorporados a este Orzamento do 2016 e que se destinarán a inversións durante o presente ano; tamén sinala que xa está concedido o novo Plan de Camiños da Xunta de Galicia que supón 210.000 euros para inversión de melloras de camiños no rural; 1.750.000 euros do Plan de Investimentos da Deputación de Pontevedra; así mesmo,

se xestionou o Proxecto de Desenvolvemento Sostible de 6.000.000 para os próximos catro anos. Todo o anterior sen contemplar no Orzamento para 2016, ademais doutras iniciativas que se poden xestionar cara ao futuro.

Para finalizar o Sr. Alcalde manifesta a súa vontade de diálogo, pero entende que a oposición non aporta ningunha proposta en positivo, tan só críticas e buscar un desgaste político, a pesares deso, manifesta a capacidade do seu grupo de goberno de xestionar actuacións produtivas de cara ao futuro esperando o apoio dos demais grupos políticos, recordando o escenario interesante no que se atopa o Concello da Estrada para traballar na saída da crise e traballar en políticas de fomento económico, social e de emprego.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose polos votos a favor do Partido Popular e en contra do PSdeG-PSOE, BNG E MÓVETE, o seguinte **ACORDO**:

Visto o proxecto de Orzamento do Concello de A Estrada para o exercicio 2016, formado polo Alcalde no exercicio das súas competencias, comprensivo tanto dos estados de gastos e ingresos como da documentación complementaria referida nos artigos 165 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

Visto o informe do Interventor Accidental de data 20/01/2016.

Visto o informe emitido o 03/02/2016 pola Secretaria Xeral.

Visto o Ditame acadado na Comisión Informativa de Facenda e Contas, en sesión do 03/02/2016.

E de conformidade co procedemento establecido nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

ACORDAMOS:

Primeiro.- Apróbase inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio 2016, segundo os estados de gastos e ingresos e documentación anexa, cuxo resumo por capítulos deseguido se indica:

	ESTADO DE INGRESOS		ESTADO DE GASTOS	
	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.617.000,00	GASTOS PERSOAL	4.850.427,00
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	220.000,00	COMPRA BENS CORRENTES E SERVICIOS	5.685.220,59
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.276.076,00	GASTOS FINANCEIROS	102.826,40
CAPÍTULO 4	TRANSFERENC. CORRENTES	5.964.405,52	TRANSFERENC. CORRENTES	609.614,00
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	42.398,48		
TOTAL I. CORRENTES		12.119.880,00	TOTAL G. CORRENTES	11.248.087,99
CAPÍTULO 6	ENAXENAC. INVERSIÓNS REAIS	18,00	INVERSIÓNS REAIS	745.888,00
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	102,00	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	117.018,00
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	490.000,00	PASIVOS FINANCEIROS	499.006,01
TOTAL I. CAPITAL		505.120,00	TOTAL G. CAPITAL	1.376.912,01
TOTAL INGRESOS		12.625.000,00	TOTAL GASTOS	12.625.000,00

Segundo.- Sométese o conxunto de créditos consignados no orzamento de gastos destinados a investimentos financiados con préstamo (o seu detalle está no anexo de investimentos) á condición de que efectivamente se poida acudir a tal financiamento, segundo os datos que se deduzan da liquidación correspondente ao ano 2015, en aras do establecido na disposición adicional 14ª do

R.D.L. 20/2011 de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público (que segue vixente) na redacción dada pola disposición final 31ª da Lei 17/2012 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

Terceiro.- Ratifícanse para o exercicio 2016, para o persoal laboral fixo, a seguinte equiparación entre postos de traballo e niveis de complemento de destino para os únicos efectos da determinación da retribución compensatoria incluída nas pagas extraordinarias:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO
Técnico de xestión	Nivel 26
Tradutor de galego	Nivel 26
Director da Banda de Música	Nivel 24.
Profesores da Escola de Música	Nivel 24; 50% por xornada reducida
Asistentes sociais	Nivel 24
Informático	Nivel 24
Auxiliar administrativo	Nivel 16
Conserxes	Nivel 14
Limpadoras	Nivel 14
Director gardería infantil	Nivel 24
Monitor de tempo libre	Nivel 20
Socorrista piscina	Nivel 20
Vendedora entradas piscina	Nivel 14
Limpador vestiarios	Nivel 14

2º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVO Á CREACIÓN DUN PARQUE CANINO: PREVIO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 28/01/2016.

O **Sr. Alcalde** outorga a palabra ao Concelleiro do BNG, D. Xosé Magariños, para facer a exposición da Moción.

O **Sr. Xosé Magariños** comeza a súa intervención agradecendo a todos os grupos políticos a decisión de trasladar o debate da moción ao Pleno, xa que na sesión plenaria anterior non asistiu por motivos laborais. Recorda que na Comisión Informativa á que se someteu á moción non se chegou a debater por estar de acordo todos os membros na creación do parque canino, polo que se ditaminou favorablemente por unanimidade, polo que tan so resta chegar a acordo sobre o lugar de ubicación, a este respecto considera que se debería falar co grupo municipal de Cans de Rescate, pola súa experiencia neste tema, ademais que con os técnicos municipais.

Intervén o **Sr. Alcalde** considerando que se trata dun tema suficientemente debatido e no que está de acordo todos os grupos políticos asistentes a este Pleno, polo que procedería á votación para a creación dun Parque Canino, agradecendo a toda a Corporación o acordo unánime para levar adiante esta moción.

Non habendo máis intervención procedese á votación desta moción, aprobándose por unanimidade e adoptando o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada con data 30/11/2015 (RE nº 15194) polo grupo municipal do BNG relativa á creación dun Parque Canino, e que se transcribe literalmente de seguido:

“Xosé Magariños Maceiras, portavoz do Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento organístico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa a:

CREACIÓN DUN PARQUE CANINO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A relación entre o ser humano e os animais domésticos ven dun período longo da historia; pódense atopar datos da relación entre o can e a especie humana desde fai máis de 14.000 anos, considerando moitos investigadores que foi o primeiro animal domesticado. Non estamos a falar dunha relación de tipo utilitarista ou instrumental, na que una das partes, ou as dúas, porveían e recibían beneficios do outro; estamos a falar de relacións de tipo afectivo desde o momento mesmo do inicio da relación histórica entre nós e as novas mascotas, os cans neste caso. A creación deste tipo de vínculos afectivos fai que estemos a falar dunha relación especial e duradeira cun individuo único non intercambiable por outro; fórnxanse lazos de confianza a efecto cunha criatura que se acaba vovemento dependente de nós.

Independentemente dos procesos de urbanización da nosa sociedade, o ser humano segue a ter a necesidade de interactuar cun animal co que se chenga a establecer relacións de parentesco, ao que se considera como parte da familia a que ocupa un lugar moi importante na vida e nas actividades dos donos. O feito de que este vínculo superara o paso de miles de anos e cambios tecnolóxicos e culturais suxire que serve a importantes necesidades humanas; estamos a falar dunha tendencia histórica nos humanos con outra especie a que facemos formar parte da nosa comunidade e polo tanto adquirimos unha responsabilidade especial cara eles derivada do vínculo estreito que se forxou ao longo da historia; situámonos con respecto eles nunha situación de poder, e isto conleva a súa respectiva responsabilidade.

Pero non podemos esquecer que a tendencia a posuir un ou varios animais de compañía (cans no caso que nos ocupa), cos que queremos compartir os espazos públicos, implica tamén que temos que ter en conta os sentimentos das persoas coas que compartimos e transitamos eses espazos, e que van desde o agrado á sensacións de medo e inseguridade que lle producen os cans.

Ista realidade xenera obrigas e comportamento regulados polas leis e actitudes cívicas por parte dos/as propietarios/as que permitan a convivencia entre todas/os as/os membros da comunidade.

Por parte do concello a solución as necesidades xeradas pola convivencia entre as persoas e os animais de compañía limitase única e exclusivamente a dar una resposta normativa, e sancionadora lagúns casos, coa colocación de carteis de “prohibido cans” ou a esixencia de levalos coa correa, pero non selle da solución a necesidade de contar con espazos de esparcemento para animais e persoas que satisfagan as necesidades das dúas partes. Lóxicamente, este tipo de parques non exime de responsabilidade dos donos e cumprir unha serie de normas como as que ateen as razas perigosas ou a recollida de excrementos entre outras.

Tendo en conta os apartados anteriores e partindo da base de que non so a administración local ten a obriga de regular todos aqueles aspectos relacionados coa convivencia entre todos os membros da comunidade, e que sexan da súa competencia, senón que tamén ten a obriga de dotar de espazos de lecer para todos e todas.

Somos conscientes da existencia da situación de necesidade de moitas familias pola precariedade económica e a falta de emprego, e da prioridade que deben ter os orzamentos municipais para pór lle solución a esta realidade. A iniciativa que propomos é perfectamente compatible coas prioridades antes mencionadas, pois pódese realizar a un custe moi baixo ou incluso a custe cero para o concello se se aproveita, por exemplo, os desenvolvementos urbanísticos que se van a executar como o de A Baiuca ou o de Mercadona.

Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello esta moción propoñendo a adaptación do seguinte

ACORDO

A creación dunha Zonade Esparcemento Canino, un parque para cans que sexa un espazo público compartido por persoas e estes animais de compañía. En dito recinto acoutado as mascotas poderán andar ceibas baixo a supervisión e control das persoas responsabeis das mesmas”

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, acadado en sesión do 28/01/2016.

ACORDAMOS:

A creación dunha Zona de Esparcimento Canino, un parque para cans que sexa un espazo público compartido por persoas e estes animais de compañía. En dito recinto acoutado as mascotas poderán andar ceibas baixo a supervisión e control das persoas responsabeis das mesmas.

Dita creación se realizará sen prexuízo do seu aprazamento co obxecto de efectuar un mellor estudo para a radicación definitiva e estable do Parque Canino.

Non habendo intervencións por parte dos Concelleiros, levántase a sesión ás vintedúas horas.

A Estrada, 10 de febreiro de 2016
A SECRETARIA ACCTAL.,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas